




AS CANTIGAS DE AMOR

ÍNDICE

1. Características principais das cantigas de amor
2. O amor cortés
3. Temas das cantigas de amor
 - a. Eloxio da dama
 - b. Declaración de amor
 - c. Negativa da dama - Amor imposible
 - d. Coita de amor
4. Algúns recursos da cantiga de amor
 - a. Cantigas de refrán e cantigas de *mestría*
 - b. A *finda*
 - b. O dobre e o mozdobre



1. Características principais das cantigas de amor

- **Voz poética masculina**
- **Substantivo *senhor***

- A cantiga de amor é un xénero da lírica medieval no que un home se dirixe a unha dama (*senhor*), expresando o seu amor cara a ela. Na cantiga de amor, invértense totalmente os papeis da cantiga de amigo: **a voz poética é un home que se laia dos tormentos que lle produce o amor.**
- A palabra clave é ***senhor***, denominación que recibe a dama obxecto dos requirimentos amorosos (aínda que non sempre aparece).




2. O amor cortés

- Nas cantigas de amor reflíctese unha concepción medieval do sentimento amoroso que se coñece co nome de **amor cortés**.
- O amor é concibido como un **sentimento sublime**, fonte de perfección, que está regulado por unha serie de normas e convencionalismos propios das **relacións de vasalaxe** da sociedade feudal. Así, seguindo os códigos do amor cortés, o cabaleiro servirá e renderalle homenaxe á súa dama (a súa *senhor*) do mesmo que un vasalo lle debe respecto e servizo ao seu señor feudal. **Os códigos das relacións de vasalaxe trasládanse ás relacións amorosas.**




2. O amor cortés

*Relacións de vasalaxe na
sociedade feudal*



Na sociedade feudal, **os vasalos serven ao seu señor**: débenlle obediencia e lealdade.


*Relacións amorosas seguindo o
código do amor cortés*



No amor cortés das cantigas de amor, **o cabaleiro / trobador serve á dama (á que chama *senhor*)**: débelle obediencia, lealdade, submisión...

3. Temas da cantiga de amor

- O tema central das cantigas de amor é, obviamente, o **AMOR**. Trátase sempre dun **amor platónico** que nunca chega a materializarse porque o cabaleiro / trovador NUNCA é correspondido pola dama / *senhor*.
- Dentro desta temática global podemos diferenciar varios subtemas: o **eloxio da dama** (o trovador fala das virtudes da dama), **declaración de amor** (o trovador decláralle o seu amor á dama), **negativa da dama** (a dama nunca lle fai caso ao cabaleiro) e, por último, a **coita de amor** (ante a negativa da dama, o cabaleiro sofre).



3. Temas da cantiga de amor


a. Eloxio da dama

- O trovador preséntanos a dama como unha **muller ideal, perfecta, chea de virtudes:**

fremosa senhor, a melhor de quantas no mundo son, ben talhada, de bon parecer...

Raramente se dan datos concretos e a identidade da senhor nunca se desvela.

- Exemplos: *Cantiga 1, Cantiga 2*



3. Temas da cantiga de amor

b. Declaración de amor


- O trovador confesa nas cantigas o seu amor pola dama con fórmulas do tipo: *a quen amo mais que outra ren, tanto vos amo eu, dona que quero ben...*



3. Temas da cantiga de amor

c. Negativa da dama - Amor imposible


- **A *senhor* nunca acepta o amor** do trovador: ás veces simplemente se mostra indiferente perante a súa declaración, outras mesmo se enfada con el polo seu atravesamento.
- Así pois, nas cantigas de amor sempre se reflicte un **amor imposible, non correspondido**, xa que a *senhor* é inaccesible para o poeta.
- Exemplos: *Cantiga 4*



3. Temas da cantiga de amor

d. Coita de amor

- A indiferenza ou o desdén da amada levan ao trovador á **coita de amor** (= sufrimento, pena). A coita pode manifestarse de diferentes xeitos: pode conducir ao trovador á loucura (volverse *sandeu*) ou á morte (*morrer de amor*). O tópico da *morte por amor* é moi frecuente nas cantigas de amor.
- Exemplos: *Cantiga 2*, *Cantiga 5*, *Cantiga 6*



4. Algúns recursos das cantigas de amor

a. Cantigas de refrán e cantigas de mestría

En canto á forma, podemos distinguir dentro das cantigas de amor entre:

- **Cantigas de refrán:** presentan refrán (versos que se repiten ao final de cada estrofa).
- **Cantigas de mestría:** non presentan refrán. Son máis numerosas.

b. A *finda*

Moitas cantigas de amor presenta *finda*: grupo de versos (menor que a estrofa) que se sitúa **ao final da cantiga** para completar o sentido da composición.

Exemplo: *Cantiga 6*



4. Algúns recursos das cantigas de amor

c. O dobre e o mozdobre

Dous recursos empregados con frecuencia nas cantigas de amor son o dobre e o mozdobre:

- **Dobre:** repetición dunha palabra en dous lugares simétricos dunha estrofa.
- **Mozdobre:** repetición dun lexema con variación das terminacións (habitualmente, formas verbais)

Pero non devía a perder
ome, que ja o sen non ha,
de con **sandece** ren dizer;
e con **sandece** digu'eu ja:
os olhos verdes que eu vi
me fazen ora andar así.

Johán García de Guilhade

Se eu podesse **desamar**
a quen me sempre **desamou**,
e podess' algún mal **buscar**
a quen me sempre mal **buscou**!
Assí me vingaría eu,
se eu podesse coita **dar**,
a quen me sempre coita **deu**.

Pero da Ponte



EXEMPLOS

CANTIGA 1

Autor: Pero Mafaldo

O motivo principal desta cantiga é o **eloxio da senhor amada**, que se nos presenta como a mellor das donas, chea de virtudes: Deus fíxo-a senhor de moito valor (*de mui bom prez*), a máis fermosa, sensata (*de mui bom sem*), tranquila... En definitiva, *das melhores donas a melhor*. Infelizmente, a senhor tamén fai sufrir ao trobador (*me fazer maior coita levar*).

A mia senhor, que eu por meu mal vi,
feze-a Deus senhor de mui bom prez¹
e mais fremosa de quantas El fez.

Per bõa fe, todo por mal de mi
a fezo Deus de muito bem senhor
e das melhores donas a melhor!

Por atal moiro² e direi-vos eu al³:
fez-lhi todo est'e fez-lhi muito bem
em a fazer dona de mui bom sem⁴
e mui mansa⁵; e todo por meu mal
a fezo Deus de muito bem senhor
e das melhores donas a melhor!

E nom mi foi Nostro Senhor mostrar
os seus olhos, de pram⁶, por bem dos meus,
mais por meu mal; e assi quis Deus!
Por me fazer maior coita levar
a fezo Deus de muito bem senhor
e das melhores donas a melhor!

1 - Prez = valor, mérito

2 - Moiro = morro

3- Al = outra cousa

4- Sem = sentido, entendemento

5- Mansa = serena, tranquila

6 - De pram = realmente

CANTIGA 2

Autor: João Garcia de Guilhade

Trátase dunha cantiga moi singular xa que é unha das poucas cantigas de amor nas que se dan datos concretos sobre a senhor: **ten os ollos verdes**.

O trovador di sufrir (*gran coita que de amor hei*) e tolear (*andar sandeu*) e incluso pensar na morte (*ja quer moira, quer non*) por culpa deses ollos verdes da amada.

1 - Posso = podo

2 - Coita = pena, sufrimento

3- Sandeu = tolo

4- Sandece = loucura, insensatez

5- Me fazem ora = fanme agora

6 - Moira = morra

7 - Sen = sentido

8 - Ren = nada

Amigos, non posso¹ eu negar
a gran coita² que de amor hei,
ca me vejo sandeu³ andar,
e con sandece⁴ o direi:

Os olhos verdes que eu vi
me fazem ora⁵ andar assí.

Pero quen quer entenderá
aquestes olhos quaes son;
e desto alguen se queixará:
mais eu, ja quer moira⁶, quer non:

Os olhos verdes que eu vi
me fazem ora andar assí.

Pero non devía a perder
home, que ja o sen⁷ non ha,
de con sandece ren⁸ dizer;
e con sandece digu'eu ja:

Os olhos verdes que eu vi
me fazem ora andar assí.

CANTIGA 3

Autor: Pero de Armea

Muitos me vêm¹ preguntar,
senhor, que lhis diga eu quem
est a dona que quero bem;
e com pavor de vos pesar²
 nom lhis ousou dizer per rem,
 senhor, que vos eu quero bem³.

Pero punham de m'apartar,
se poderám de mi saber
por qual dona quer'eu morrer;
e eu, por vos nom assanhar⁴,
 nom lhis ousou dizer per rem,
 senhor, que vos eu quero bem.

E porque me veem⁵ chorar
d'amor, querem saber de mi
por qual dona moiro⁶ eu assi;
e eu, senhor, por vos negar,
 nom lhis ousou dizer por mi
 per rem que por vós moir'assi.

O trovador expresa o seu amor pola amada:
senhor, que vos eu quero bem.

Ao mesmo tempo, explica que non quere
desvelar a identidade da dama, a pesar de que
moitos preguntanlle por ela, por quen é a
senhor pola que el morre, pola que chora...

1 - *vêm* = veñen

2 - *pesar* = entristecer

3- *Non lhis ousou dizer per rem / senhor que
vos eu quero bem* = Non me atrevo a
dicirlle por nada / señor que vos quero ben.

4- *Assanhar* = enfadar

5- *veem* = ven

6 - *Moiro* = morro

Amor, a ti me venho ora queixar
de mia senhor, que te faz enviar,
cada u dórmio, sempre m'espertar¹
e faz-me de gram coita sofredor².
Pois me ela nom quer veer nem falar,
que me queres, Amor?

Este queixume te venho ora³ dizer:
que me nom queiras meu sono tolher⁴
pola fremosa do bom parecer
que de matar home sempr'há sabor⁴.
Pois m'ela nẽum⁵ bem quisu fazer,
que me queres, Amor?

Amor, castiga-te desto por en:
que me nom tolhas meu sono por quem
me quis matar e me teve em desdém
e de mia morte será pecador.
Pois m'ela nunca quisu fazer bem,
que me queres, Amor?

(...)

CANTIGA 4

Autor: Fernando Esquío

Cantiga de amor na que se reflicte perfectamente a negativa da dama: ela non quere ver nin falar co trovador, non lle quixo facer ningún ben, menosprézo, teno en desdén... Trátase, polo tanto, dun amor imposible. Isto fai sufrir ao trovador, que non pode durmir pensando na senhor e acabará morrendo se sigue así.

1 - *que te faz enviar, cada u dórmio, sempre m' espertar* = que te envía cando estou durmido sempre a despertarme.

2 - *faz-me de gram coita sofredor* = faime sufridor dunha gran coita / pena

3 - *Ora* = agora

4- *Tolher* = quitar

5- *De matar home sempr' há sabor* = gústalle matar homes

6 - *nẽum* = ningún

Deus, que mi hoje aguisou de vos veer¹
e que é da mia coita sabedor,
El sabe hoje que com mui gram pavor
vos digo eu esto e já hei de dizer:
 moiro eu, e moiro por alguém!
 E nunca vos mais direi en.

E mentr'eu vi que podia viver
na mui gram coita em que vivo d'amor,
nom vos dizer rem tive per melhor;
mais dig'esto, pois me vejo morrer:
 moiro eu, e moiro por alguém!
 E nunca vos mais direi en.

(...)

CANTIGA 5

Autor: João Soares Coelho

Cantiga de amor en que se tratan principalmente os motivos da coita de amor e o tópico da morte por amor. O trovador ata agora sobreviviuiu na *mui gram coita de amor*, pero agora sinte que morre: *moiro eu, e moiro por alguén!*

Estrofa 1 - Deus, que hoxe fixo que vos vise e que sabe da miña coita (pena) / El hoxe sabe que, con moito medo, / vos digo eu isto e xa o digo: / morro eu, e morro por alguén! E nunca máis falarei disto.

Estrofa 2 - E mentres eu vin que podía vivir / na gran coita de amor en que vivo / pensei que era mellor non dicirvos nada / mais digo isto pois véxome morrer: / morro eu, e morro por alguén! E nunca máis falarei disto.

CANTIGA 6

Autor: João Airas

Pero tal coita hei d'amor
que maior non pode home haver,
non moiro nen hei én sabor¹,
nen morrerei, a meu poder,
 porque sempre atendo haver ben²
 da dona que quero gran ben.

E os que mui coitados son
de amor desexan morrer,
mais eu, assi Deus mi pardon³,
queria gran sazon viver,
 porque sempre atendo haver ben
 da dona que quero gran ben.

(...)

E quen desexa morte haver
por coita de amor non faz sén,
nen o tenho eu por bon sén⁴.

O trovador manifesta a súa coita de amor (*tal coita hei d'amor que maior non pode home haver*), mais sinala que non ten intención de morrer por esta coita porque considera que non ten sentido morrer por amor (Desmonta o tópico da morte por amor).

1 - *Non moiro nen hei en sabor* = non morro nin teño ganas disto.

2 - *Porque sempre atendo haver ben* = porque sempre espero haber ben / da dona que quero moi ben

3 - *Assi Deus mi pardon* = que Deus me perdoe

4- *E quen desexa morte haver / por coita de amor non faz sén, / nen o tenho eu por bon sén* = *E quen desexa morrer por coita do amor non ten sentido nin o teño eu por sensato.*

